



PROCESO DE PRIMARIAS

DECLARACIÓN XURADA

Eu, ,

con DNI nº , e os seguintes datos de contacto

candidata/o ás primarias da Marea Atlántica, manifesto a través da presente declaración xurada non estar incurso/a, en delitos relacionados con corrupción, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, suborno e malversación e apropiación de fondos públicos, sexa por interese propio ou para favorecer a terceiras persoas. Igualmente en delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos ecolóxicos ou contra os dereitos humanos ou os dereitos das persoas traballadoras.

Esta declaración ven referida á non existencia dunha resolución motivada onde un xuíz estime a existencia de indicios racionais de ditos delitos.

Na Coruña, a ____ de _____ de 2019.

Sinatura:

De conformidade co que establece a lexislación vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, informamos que os datos persoais que nos facilite a través de devandito formulario serán tratados por MAREA ATLÁNTICA, coa finalidade específica de levar a cabo o proceso de primarias para a confección da lista candidata ás eleccións municipais de maio de 2019

Os datos serán tratados por MAREA ATLÁNTICA con domicilio en PRAZA DO HUMOR NÚMERO 1, 15001 A CORUÑA, que cumpre coas medidas de seguridade esixidas na lexislación vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal. Os datos facilitados non serán cedidos a terceiros salvo nos casos en que exista unha obriga legal, e conservaranse durante o tempo necesario para atender a solicitude a condición de que non se nos indique o contrario exercendo o seu dereito de cancelación, ou durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais.

MAREA ATLÁNTICA non elaborará ningún tipo de “perfil”, en base á información facilitada. Non se tomarán decisións automatizadas en base a perfís. Así mesmo, MAREA ATLÁNTICA cancelará ou rectificará os datos cando resulten inexactos, incompletos ou deixasen de ser necesarios para a súa finalidade, de conformidade co previsto na lexislación vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Mentres non nos comunique o contrario, entenderemos que os seus datos non foron modificados, que vostede se compromete a notificarnos calquera variación e que temos o consentimento para utilizalos a fin de poder fidelizar a relación entre as partes.

O usuario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas, automatizadas, en relación cos datos obxecto do tratamento, ante o responsable do tratamento na dirección anteriormente mencionada, ou por correo electrónico a lopd@mareatlantica.org , ou directamente ante o delegado de protección de datos. No caso de que non obtivese satisfacción no exercicio dos seus dereitos, poderá presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control en materia Protección de Datos competente.

MAREA ATLÁNTICA adopta as medidas técnicas, organizativas e de seguridade correspondentes segundo a normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal. Con todo, non asume ningunha responsabilidade polos danos e prexuízos derivados de alteracións que terceiros poidan causar nos sistemas informáticos, documentos electrónicos ou ficheiros do usuario.